

– En que momento decidiu escribir un libro coma este, a falar da súa propia experiencia como paciente dun sanatorio psiquiátrico?

– Para min, a literatura sempre foi un medio de sobrevivir, e agárrome a ela porque é o que sei facer. Cando eu entrei no sanatorio, estaba moi mal, pero como sempre adoitado a facer, empecei a escribir nun caderno todo o que se me pasaba pola cabeza. Ao principio facíao só para min, era como unha terapia; mais a medida que me recuperaba, decateime de que publicando un libro coma este, podería mostrar á xente como é por dentro un sanatorio psiquiátrico e desmentir os tópicos terribles que se din deste tipo de centros.

– Tópicos que hoxendía non son verdade...

– Por suposto que non, é algo totalmente distinto. O actual sanatorio Robleda, para empezar, é un edificio moderno. Aquí pódense facer moitas actividades e, ao tempo, trátase dunha casa de repouso, onde ademais sempre tes os médicos á man. E os profesionais que traballan nestes centros son exemplares.

– A que vén o título de *...e os domingos, un croissant*?

– O croissant é que nos dan os domingos no almorzo.

– Quixo dar algunha mensaxe con ese título?

– Non, non. O que acontece é que no sanatorio todos os días son moi monótonos, cáseque iguais, e unha das novidades é esa, a do croissant. Cando o vemos no plato, dicímosnos: “Ah, hoxe é domingo!”.

– A xente que pasou por un sanatorio psiquiátrico adoita agachar esa experiencia. Sen embargo, Vde. fai todo o contrario, fai-na pública..

– É que esta altura da miña vida, dáme exactamente igual o que pensen os demais. Quizais se tivese vinte anos, non faría isto así. Pero agora digo as cousas como as sinto e ata me atrevo a afirmar publicamente que cabe a posibilidade que este sexa oderradeiro libro que publique...ou un dos últimos, quen sabe? Pero, si, volvendo ao que preguntabas, a min cónstame que por este mesmo centro pasou moita xente, e algunha moi famosa, que endexamais o dixo en público, e cáseque nin en privado. O certo é que aínda hai unha parte da sociedade que pensa que estar deprimido é estar tolo, por iso a maioría dos internados, cando están fóra, cando están curados, prefiren esquecer que estiveron aquí e, se fai falta, negalo, porque temen a estigmatización, a estaren marcados.

– Cre que *...e os domingos un croissant* pode axudar a algunha xente que sofre trastornos psiquiátricos ou aos seus familiares?

–Oxalá fose así. O outro día chegou aquí unha señora que estivera internada hai anos e díxolle ao médico que lera o meu libro e que reflectía exactamente o que ela vivira. Libros coma este penso que poden axudar a moita xente que padece unha enfermidade deste tipo, que dubida ou ten medo de acudir ao psicólogo, ao psiquiatra, ou ingresar nun centro coma este, por todos eses tópicos falsos que se teñen escrito e dos que antes falabamos. A fin de contas, a todos nos gusta ter preto alguén en quen confiar para confesarlle os noso problemas, mais chegando a un punto, o mellor é contarlle o que nos pasa a un profesional.

– Pasados varios meses desde a edición do libro, arrepíntese de algo que tivera escrito nel, cambiaría algo ou engadiría algún detalle do que se esquecerá?

– Non, non cambiaría absolutamente nada.

– Diso que chaman depresión, é tópico dicir que serve como motivo de inspiración,

“Creo que escribir poesía foi o que me levou á depresión”

“Estou decepcionada coa falsidade das persoas”

A escritora galego-alemá Úrsula Heinze.



Úrsula Heinze - ESCRITORA

“Hai máis vida real dentro dun psiquiátrico que fóra”

*...e os domingos, un croissant (Alvarellos) é un libro único por varias causas, pero entre elas hai que citar o feito de que naceu tras que Úrsula Heinze, doente dunha fonda depresión, ingresase nun sanatorio psiquiátrico. A escritora narra nas súas páxinas os dous meses de finais de 2014 que pasou internada, tentando superar a súa enfermidade.*

LOURDES VARELA

pero de verdade pode facerse boa literatura nun estado depresivo?

– Non, eu con depresión non podo escribir, necesito estar ben. Teño escrito estando triste, nostálgica, baixa de moral...pero non verdadeiramente deprimida dende o punto de vista clínico. Antes de ser internada no sanatorio, durante os últimos anos, dediqueime maiormente a escribir poesía, e iso coído que foi unha das causas que me arrastraron á depresión.

– A Úrsula Heinze de antes de escribir *...e os domingos, un croissant*, é a mesma que a de despois?

– Si, son a mesma persoa, diso non cabe dúbida. Quen non son, como dixen antes, é a Úrsula que tiña vinte anos. Se acaso, o que

me enriqueceu como persoa estando internada foi a xente que coñecín, que me fixo decatarme de que a vida real no é a de fóra, senón a de dentro do sanatorio. Fóra imos difrazados, poñémonos máscaras, pero dentro amosámonos tal e como somos.

– Diríase que está decepcionada coa sociedade.

– Estou decepcionada coa hipocresía, coa falsidade de moita xente.

– Malia o ben que fala do sanatorio, non sinte que as veces está nun cárcere?

– Ben, isto seméllase a un cárcere, iso está claro. Todas as portas están pechadas para os internos, non podes saír da túa planta cando queiras, pero iso faise por razóns da nosa propia seguridade.

– Pasoulle algunha vez pola cabeza entrar no sanatorio pero non como paciente, senón como escritora, para contar as vidas dalgunhas persoas internadas que ten dito que son moi interesantes?

– É que non o podería facer, así que nin sequera mo plantexei. Aquí non deixan subir aos pisos a ninguén de fóra. Pero, si é certo que hai xente moi interesante, tanto entre os pacientes como entre o persoal sanitario.

– Este libro marca un antes un despois na súa traxectoria literaria?

– Totalmente. Nunca pensei que algún día escribiría un libro tal, pero xa ves. Aí está.